



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO EN CARRAL 2026

O Concello de Carral celebrará o Entroido no Campo da Feira o domingo 15 de febreiro de 2026. Ás 17:00 h. comezará o desfile das persoas participantes nos diferentes concursos, partindo da Rúa Víctor Velasco e rematando no Campo da Feira (Rúa Víctor Velasco, Rúa Manuel Ferrol, Rúa Paraíso, Avenida dos Mártires, Rúa Víctor Velasco, Rúa Belvís de Paleo e Rúa de Paleo)

A finalidade deste concurso é estimular e fomentar a participación veciñal nunha festa popular e tradicional como o Entroido.

1. MODALIDADE DE DISFRACES:

1.1. Haberá catro modalidades: INFANTIL (de 0 a 11 anos), INDIVIDUAL ou PARELLA (a partir de 12 anos), COMPARSAS (máis de 5 integrantes) e CARROZAS (máis de 10 integrantes):

- **CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES**
 - Dirixido a nenos e nenas de 0 a 11 anos de idade.
 - Haberá unha categoría única (disfraces individual ou parella).
 - Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestuario e maquillaxe.
 - Os participantes deberán participar no desfile e posteriormente pasarán polo escenario para seren valorados polo xurado.
 - Premiaranse os cinco mellores disfraces con premios consistentes en agasallos.

- **CONCURSO DE DISFRACES INDIVIDUAIS OU PARELLAS**
 - Dirixido a maiores de 12 anos de idade.
 - Haberá unha categoría única (disfraces individual ou parella).
 - Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestuario e maquillaxe.
 - Os participantes deberán participar no desfile e posteriormente pasarán polo escenario para seren valorados polo xurado.
 - Premiaranse os catro mellores disfraces con premios económicos.

- **CONCURSO DE DISFRACES DE COMPARSAS**
 - Dirixido a grupos de calquera idade, formados por un mínimo de 5 persoas.
 - Haberá unha categoría única.
 - Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestuario e maquillaxe.
 - O representante do grupo debe ser maior de idade e non é obrigatorio que desfile co mesmo. A persoa que asuma a representatividade do grupo (agás asociacións), deberá estar autorizada para as relacións co Concello de Carral por un mínimo de 3 persoas participantes no caso de grupos de ata 10 membros, ou un mínimo de 5 persoas no caso de grupos de 11 ou máis membros. No caso de asociacións, figurará a entidade



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

como a interesada inscrita no concurso e será a que perciba o posible premio, aínda que tamén será necesario indicar unha persoa física como representante, para a que non será necesaria a designación por parte doutros membros da comparsa.

- Premiaranse as tres mellores comparsas con premios económicos.

- CONCURSO DE DISFRACES DE COMPARSAS CON CARROZA

- Dirixido a grupos de calquera idade, formados por un mínimo de 10 persoas que desfilen enriba ou acompañando unha carroza.
- Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestiario e maquillaxe.
- O representante do grupo debe ser maior de idade e non é obrigatorio que desfile co mesmo. A persoa que asuma a representatividade da carroza (agás asociacións), deberá estar autorizada para as relacións co Concello de Carral por un mínimo de 5 persoas participantes na carroza. No caso de asociacións, figurará a entidade como a interesada inscrita no concurso e será a que perciba o posible premio, aínda que tamén será necesario indicar unha persoa física como representante, para a que non será necesaria a designación por parte doutros membros da comparsa.
- Premiaranse as cinco mellores comparsas con premios económicos.

2.

INSCRICIÓN:

2.1. O período de inscrición comezará ao día seguinte a publicación do extracto da convocatoria na páxina web do concello de Carral (www.carral.es) e rematará **ás 14:00 h. do xoves 12 de febreiro de 2026.**

2.2. A inscrición para o Concurso infantil formalizarase mediante a presentación da solicitude na Casa da Cultura (en horario de 09:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00), ben presencialmente, por teléfono (981.672.580) ou correo electrónico (casadacultura@carral.es). Para os concursos con premios económicos (individuais e por parellas, grupos e carrozas) a inscrición deberá realizarse na Sede Electrónica do Concello de Carral - <https://sede.carral.es/> - tramitando unha Solicitude Xeral e achegando cuberto e asinado o Anexo 1 que acompañan a estas bases. Os datos a presentar serán os seguintes:

2.2.1. Concurso infantil de disfraces:

Nome e apelidos de quen participa, nome do disfrace, data de nacemento, e datos do pai, nai ou titor (nome, apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico).

2.2.2. Concurso de disfraces individuais e por parellas:

Nome, apelidos e DNI de quen participa, nome do disfrace, data de nacemento, teléfono e correo electrónico. No caso das parellas, inscribíranse cos datos dun dos participantes.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

2.2.3. Concurso de disfraces de comparsas:

Nome do grupo, nome, apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico de quen a representa e teléfono doutro membro do grupo.

2.2.4. Concurso de disfraces de comparsas con carroza:

Nome do grupo, nome, apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico de quen a representa e teléfono doutro membro do grupo.

Non se permitirá a participación no concurso de parellas, comparsas ou comparsas con carroza que xa foran premiadas en anteriores anos.

No caso de contar con carroza, deberá indicar as características básicas: medidas, se está motorizada, se é un remolque arrastrado por vehículo a motor...

Será decisión do Concello de Carral admitir para o desfile a participación de comparsas ou comparsas con carrozas inscritas fóra de prazo, sen que teñan dereito á participación no concurso.

3. PREMIOS:

3.1. Os premios a outorgar serán os seguintes:

PREMIOS		
CATEGORÍA	Nº DE COMPOÑENTES	PREMIOS
INFANTIL (ata 11 anos)	Un integrante	1º premio: agasallo 2º premio: agasallo 3º premio: agasallo 4º premio: agasallo 5º premio: agasallo
INDIVIDUAL ou PARELLA (12 anos ou máis)	De 1 a 2 integrante	1º premio: 150 € 2º premio: 100 € 3º premio: 75 € 4º premio: 50 €
COMPARSAS	5 ou máis integrantes	1º premio: 300 € 2º premio: 200 € 3º premio: 100 €
COMPARSAS CON CARROZAS	10 ou máis integrantes	1º premio: 500 € 2º premio: 400 € 3º premio: 300 € 4º premio: 200 €



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

	5º premio: 100 €
--	------------------

3.2. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

3.3. No mesmo acto e publicamente darase a coñecer a decisión do xurado e entregarase un xustificante do premio.

4. PAGO DOS PREMIOS:

4.1. O pago dos premios realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

4.2. O pago de cada premio farase á asociación ou á persoa designada como representante na solicitude de inscrición.

4.3. Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a presentación no Rexistro ou a través da Sede Electrónica do Concello de Carral a seguinte documentación:

- a) Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
- b) Fotocopia do NIF do premiado ou do seu representante legal.
- c) No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do número IBAN da conta bancaria da propia asociación.
- d) Nos demais casos, certificado do número IBAN da conta bancaria, na que conste o titular da conta, ben do premiado ou do seu representante legal.

4.4. A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello de Carral e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

4.5. A data límite para entregar a documentación é o 5 de marzo de 2026. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

4.6. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

5. XURADO.

5.1. O xurado estará composto por tres persoas invitadas, con coñecemento no ámbito, presidido pola concelleira da Área de Comercio e Turismo ou pola persoa na que delegue, con voz pero sen voto, e actuará como secretario/a un/unha empregado/a municipal do Concello de Carral.

5.2. A participación no concurso do Entroido 2026 en Carral implica o coñecemento e aceptación destas



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

6. CRITERIOS DO XURADO.

6.1. O xurado valorará os seguintes aspectos:

- a) A orixinalidade na elaboración dos disfraces.
- b) A simpatía na posta en escena e na interacción co público.
- c) O vestiario na confección dos disfraces.
- d) A maquillaxe utilizada como complemento ao disfrace.

6.2. O xurado outorgará un só premio por agrupación, aínda que participen en varias modalidades.

7. ASPECTOS XERAIS:

7.1. A organización establecerá a orde no desfile das persoas e carrozas participantes. As decisións tomaranse atendendo a criterios de seguridade.

7.2. A organización poderá descualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, as persoas con discapacidade, etc.

7.3. O Concello de Carral resérvase a potestade de fotografar ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento.

7.4. O Concello de Carral informará a través da súa web, do Whatsapp Novas Carral e da páxina de Facebook, das novidades no programa do Entroido, así como de calquera incidencia ou novidade de interese.

7.5. A avaliación e valoracións do xurado serán durante o desfile. Para o desfile organizaranse os participantes por categorías. Ao remate do desfile reunirase o xurado para a súa deliberación e posteriormente, notificaranse todos os premiados.

8. RESPONSABILIDADE DOS PARTICIPANTES E SEGURIDADE

Os participantes deberán cumprir coas instrucións que lle comunique a organización para o correcto desenvolvemento da actividade e coas medidas de seguridade indicadas nestas bases e coas que lle comunique a organización ou os servizos de seguridade o día do concurso, e son responsables dos danos que puideran causar agrupacións de persoas físicas ou entidades transcurso do Concurso de Disfraces de Entroido e eximen de responsabilidade ao Concello de Carral.

O evento será fotografado e gravado, e as imaxes e gravacións poderán ser publicadas na páxina web do



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

Concello e redes sociais. Por motivos de transparencia, os nomes dos gañadores serán publicados na web do concello.

A participación no Concurso de Disfraces de Entroido supón a total e plena aceptación destas bases.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos), os participantes quedan informados de que os datos persoais das persoas gañadoras serán tratados polo Concello de Carral, como responsable do tratamento, coa única finalidade de xestionar a entrega dos premios e cumprir coas obrigacións fiscais correspondentes.

A base xurídica do tratamento dos datos é a execución destes concursos e o consentimento expreso ao devandito tratamento prestado polos participantes.

En calquera momento, poderán exercitar, se procede, os seus dereitos de acceso aos datos, rectificación, supresión, limitación do seu tratamento ou oposición ao tratamento e á portabilidade dos datos, así como a revogar o seu consentimento ao tratamento dos seus datos, mediante solicitude por escrito ao Concello de Carral ou ao correo electrónico dpo@carral.es.

10. USO DOS NOMES DOS GAÑADORES

Ao aceptar os premios e as presentes bases, os gañadores e gañadoras dos concursos, consenten expresamente na utilización, publicación e reprodución por parte do Concello de Carral, dos seus datos en calquera tipo de publicidade, promoción, publicación, incluído Internet, ou calquera outro medio da natureza que sexa, con fins informativos sempre que estes se relacionen cos concursos das presentes bases.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

ANEXO 1

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN – CONCURSO DE ENTROIDO 2026

NOME ARTÍSTICO:

CATEGORÍA:

INFANTIL (0 a 11 anos)	<input type="checkbox"/>	INDIVIDUAL OU PARELLA (+12 anos)	<input type="checkbox"/>
COMPARSA (+5 membros)	<input type="checkbox"/>	COMPARSA CON CARROZA (+10 membros)	<input type="checkbox"/>

DATOS DO/A REPRESENTANTE (maior de idade)

Nome: Apelidos:

DNI: Data nacemento:

Teléfono: Correo electrónico:

DATOS DA ASOCIACIÓN (só no caso de inscrición de asociacións)

Nome:

CIF: Localidade:

Teléfono: Correo electrónico:

CATEGORÍA INFANTIL ou INDIVIDUAL OU PARELLA (+12 anos)

Nome e apelidos:	<input type="text"/>	Data nacemento:	<input type="text"/>
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	Data nacemento:	<input type="text"/>

CATEGORÍA GRUPOS ou GRUPOS CON CARROZA

Nº de membros: Grupo con música: Si: Non:

CARROZA ou OUTROS ELEMENTOS MÓBILES (medidas, se está motorizada, se é un remolque arrastrado por vehículo a motor...):

Carroza 1: Ancho (m): Longo (m): Alto (m):



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

Carroza motorizada: Si: Non:

Carroza arrastrada por vehículo a motor: Si: Non:

Carroza 2:

Ancho (m): Longo (m): Alto (m):

Carroza motorizada: Si: Non:

Carroza arrastrada por vehículo a motor: Si: Non:

Carroza 3:

Ancho (m): Longo (m): Alto (m):

Carroza motorizada: Si: Non:

Carroza arrastrada por vehículo a motor: Si: Non:

DESIGNACIÓN DO/A REPRESENTANTE

Para os casos de Parellas, Comparsa e Comparsa con Carroza será necesario que se designe á persoa representante ante o Concello de Carral **para os trámites e cobro de posibles premios** do Concurso de Entroido 2026.

A designación do/a representante farase indicando nome, apelidos e DNI doutros membros da formación segundo as seguintes categorías:

- Parella: Polo outro membro da parella ou o seu representante legal
- Grupos: Por outros 3 membros do grupo
- Grupos con carroza: Por outros 5 membros do grupo

No caso de asociacións, indicárase denominación da entidade e o seu CIF.

IMPORTANTE: as persoas indicadas para designar o/a representante deberán ser maiores de idade e asinar, preferentemente de xeito electrónico, o presente anexo.

PERSOAS QUE ASINAN PARA DESIGNAR REPRESENTANTE:

1. Nome e apelidos: DNI: Sinatura:
2. Nome e apelidos: DNI: Sinatura:
3. Nome e apelidos: DNI: Sinatura:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

4. Nome e apelidos: DNI: Sinatura:
5. Nome e apelidos: DNI: Sinatura:

POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Quedo informado de que todos os datos facilitados PARA A PARTICIPACIÓN quedan incorporados nun ficheiro responsabilidade do Concello de Carral e que serán utilizados con carácter único e exclusivo para os fins previstos no procedemento ou actuación de que se trate. Así mesmo, a solicitude desta subvención supón a autorización de cesión dos datos que puidesen ser achegados á Base de Datos Nacional de Subvencións e a aceptación da cesión dos datos contidos na solicitude de subvención, así como os relativos á subvención concedida, a efectos de estudo, estatística, avaliación e seguimento que se realice desde o Concello de Carral, todo iso en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

LIN E ACEPTO A POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

<i>Sinatura representante</i>
<i>Carral, de de 2026</i>



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

ANEXO 2: FORMULARIO DATOS DO PREMIADO/A

DATOS DO PREMIADO (a persoa representante designada na solicitude de inscrición ou da entidade)

Nome e apelidos:			
NIF:		Teléfono:	
Enderezo:			
Localidade:		Mail:	
Nome disfrace:			

No caso de menores de idade, datos do/a **REPRESENTANTE LEGAL**:

Nome e apelidos:			
NIF:		Teléfono:	
Enderezo:			
Localidade:		Mail:	

DATOS BANCARIOS

Nome titular:	
Nº conta IBAN:	

MODALIDADE DE CONCURSO E PREMIO (sinalar o que corresponda)

<input type="checkbox"/>	Concurso individual	Premio: _____
<input type="checkbox"/>	Concurso por parellas	
<input type="checkbox"/>	Concurso grupos	

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

- Fotocopia do NIF do premiado ou do seu representante legal
- Asociacións, CIF da mesma e certificado da conta bancaria da propia asociación
- Certificado de conta bancaria (titular da conta)
- Declaración responsable (anexo II)

Lugar e data da sinatura:

Sinatura (no seu caso o representante legal)

--



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-I

ANEXO 3: DECLARACIÓN RESPONSABLE

O premiado/a (ou representante legal) declara baixo a súa responsabilidade:

1. **Coñecer e aceptar as bases** de participación do concurso de Entroido de Carral 2026.
2. Que os **datos achegados no ANEXO 2 son certos**.
3. Que **estou ao corrente das miñas obrigas tributarias** coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello.
4. Así mesmo, a presentación desta documentación para o cobro do premio, implica a **autorización ao Concello de Carral** para obter, de ser preciso, os **datos necesarios sobre o cumprimento das citadas obrigas tributarias**. De incumprir esta condición nos se poderá recibir o premio.

Lugar e data da sinatura:

Sinatura (no seu caso o representante legal)